

DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN E DIDÁCTICA
Cursos de adultos

CURSO
“De Picasso a Hirst: 30 figuras da arte contemporánea”

.....

15 outubro 2008 - 27 maio 2009

Ademais do CICLO 2 do curso de iniciación á arte contemporáneo, nesta edición 2008-2009 o MARCO organiza un novo curso impartido por Ana Pereira Molares, estruturado en sesións monográficas sobre artistas clave da 2ª metade do século XX e inicios do XXI.

CURSO
‘De Picasso a Hirst: 30 figuras da arte contemporánea’

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Docente: Ana Pereira Molares
Datas: do 15 outubro 2008 ao 27 maio 2009
Nº sesións: 27 (descontados festivos e outros eventos)
NOTA: durante a tempada 2008-09, por coincidir con festivos e outros eventos, non haberá curso os seguintes mércores:
24 e 31 decembro, 7 xaneiro, 11 febreiro, 8 abril
Lugar: Salón de actos
Horario: todos os mércores, de 19.30 a 20.45

Prazas limitadas

Inscripción e matrícula do 10 de setembro ao 8 de outubro

NOTA: este curso diríxese sobre todo ás persoas que asistiron o ano pasado ao Ciclo 2 do curso de iniciación á arte contemporánea, que terán reserva preferente de praza ata o día 23 de setembro.

Prezo de matrícula:

180€ (desconto do 20% para membros da Agrupación de Amigos do MARCO), coa posibilidade de pago fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.

PRESENTACIÓN - AVANCE DE PROGRAMA

CURSO

'De Picasso a Hirst: 30 figuras da arte contemporánea'

Baixo o título 'De Picasso a Hirst: 30 figuras da arte contemporánea', este curso organizado polo MARCO de Vigo e impartido por Ana Pereira Molares formula un desenvolvemento diferente respecto á liña xeral dos cursos de iniciación á arte contemporánea da anterior edición.

Mentres aqueles centrábanse no estudio dos diferentes movementos e artistas do último século, seguindo unha traxectoria de carácter secuencial cronolóxica e historicista, neste caso optouse por un curso estruturado en sesións monográficas, dedicadas a 30 figuras representativas da arte do último século e principios do século XXI, con especial atención aos creadores actuais.

Tendo en conta as limitacións de tempo e calendario, realizouse unha selección de trinta artistas representativos de diferentes tendencias ou traxectorias, ou que tiveron especial influencia no panorama artístico actual. Algúns deles militaron en movementos estéticos definidos, mentres que outros posúen unha individualidade tan marcada que a súa traxectoria resulta difícil de encadrar nunha corrente ou movemento concreto. Salvador Dalí, Alberto Giacometti, Jackson Pollock, Francis Bacon, Louise Bourgeois ou Juan Muñoz, son algúns dos artistas estudados; todos eles figuras representativas da arte contemporánea, se ben non todos os que son puideron ter cabida neste curso.